

Nome _____

Data _____

Con denominación de orixe

Na carnizaría, na chacinaría e noutras tendas ás veces hai uns carteis en que di «produtos con denominación de orixe». Pero... que significa esta expresión?

A denominación de orixe é un nome que reciben en España certos produtos para recoñecer a súa alta calidade.

Ademais, as materias primas para realizar estes produtos teñen que proceder dunha determinada zona xeográfica, é dicir, ter unha orixe concreta.

Isto é así porque nesa zona xeográfica existen unha serie de características que dan ao produto a súa calidade, por exemplo, un tipo de clima ou unha alimentación especial que se dá aos animais.

Para asegurar a súa calidade, un produto con denominación de orixe debe cumprir tamén unhas normas estritas de fabricación, manipulación e envasado.

Existen moitos produtos con denominación de orixe. Algúns dos máis destacados son os viños, coma os do Ribeiro, da Rioxá ou da Ribeira do Douro; os queixos, coma o de Arzúa-Ulloa, o manchego ou o de Cabrales; os xamóns, coma o de Huelva ou o de Guijuelo; e os aceites de oliva, que teñen moitas denominacións, sobre todo en Andalucía.

Estes produtos van etiquetados cun selo que garante a súa calidade. Cando vexas un destes selos, xa sabes que se trata dun produto con denominación de orixe.

**1 Le o texto e contesta.**

- Que significa a expresión «produtos con denominación de orixe»?

- Como recoñecemos os produtos con denominación de orixe?

- Que características deben cumprir os produtos con denominación de orixe?

- De que sectores económicos proveñen os produtos con denominación de orixe?

2 Que actividades comprende o sector primario?

3 Escribe as diferenzas entre estes termos.

• Cultivos de secano e cultivos de regadío: _____

• Pesca de altura e pesca de baixura: _____

4 Que é o sector secundario?

5 Sinala cal destas industrias está vinculada coa gandaría e cal coa pesca. Explica por que.



6 Que relación existe entre os tres sectores económicos? Exemplifícao coa elaboración, a distribución e a comercialización do pan.
